

CARNÉ TEATREIRO@



Fai un tempo o Concello de Bergondo puxo en marcha a campaña “En Bergondo, mellor”, que tiña como obxectivo o apoio ao comercio local.

Unha das accións enmarcadas nesta campaña consiste na entrega de bonos para promocionar a compra no comercio local entre os nosos veciños e veciñas.

EN QUE CONSISTE?

Trátase dun carné para as actuacións teatrais, musicais, de monicreques, etc. que se organicen dende o concello de Bergondo. En cada actuación, o persoal do concello colocará un selo no teu carné, confirmando a asistencia ao evento.

Unha vez se xunten 4 selos, dará dereito a un bono por importe de 15€ para realizar compras nos establecementos adheridos á campaña “En Bergondo, mellor”.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Aos veciños e veciñas maiores de 18 anos, empadroados/as no concello de Bergondo. Entregarase un carné por unidade familiar.

COMO E ONDE O SOLICITO?

Por enderezo electrónico a cultura.deportes@bergondo.gal ou por teléfono no 981 791 252 (ext.7) indicando os teus datos persoais e DNI.

Entregarase na actuación que asistas, recibindo o primeiro dos selos.

É importante solicitar o carné dous días antes da actuación.

CANDO CONSIGO O BONO?

Cando xuntes 4 selos no teu carné de teatreir@, deberás poñerte en contacto co departamento de cultura solicitando o bono correspondente.

Dende o departamento de cultura, comunicárase o día de recollida do bono. Para recollelo deberás entregar o teu carné de teatreir@.

ATA CANDO PODO FACER USO DO BONO?

Os bonos teñen unha caducidade de 3 meses.

PODO SOLICITAR MÁIS DUN CARNÉ?

Si. Así que consigas o bono, poderás volver a solicitar outro carné teatreir@

